

GUIA PARA A CONFECCIÓN DA CONTA DE RESULTADOS

Nas partidas económicas da memoria incluíranse os seguintes conceptos:

A.- INGRESOS:

A.1.- SUBVENCÍONS, DONACÍONS E LEGADOS

Imputaranse as cantidades recibidas con carácter de non reintegrables. Distinguiremos en función de que as cantidades procedan da Comunidade Autónoma de Galicia, doutras Comunidades Autónomas, do Estado, doutras Administracións Públicas, de empresas ou de particulares.

B.- GASTOS:

B.1 GASTOS DE PERSOAL

B.1.1 Retribucións básicas e complementarias

Remuneracións fixas e eventuais ó persoal, calquera que sexa a forma e o concepto polo que se satisfacen.

B.1.2 Cotas á Seguridade Social

Cotas a favor dos organismos da Seguridade Social polas distintas prestacións que estes realizan.

B.1.3 Gastos de formación de persoal

Incluíranse os custes de material didáctico, así como, os importes das matrículas de cursos, seminarios e outras accións formativas dirixidas ó persoal.

B.1.4 Gastos de viaxe

Incluíranse as dietas por desprazamentos, aloxamento e manutención cobradas polo persoal.

B.2.- PRODUTOS FARMACÉUTICOS E SANITARIOS

B.2.1. Produtos farmacéuticos

Consignarase nesta partida os aprovisionamentos que faga a entidade de medicamentos para desintoxicación, cadros urxentes e outros..., excluída a metadona.

B.2.2 Metadona

Incluíranse os aprovisionamentos de metadona.

B.2.3. Material sanitario de consumo

Consignaremos dentro deste concepto entre outros o material de curas, suturas, apósitos, luvas, antisépticos, desinfectantes, xiringas, agullas, recipientes para recollida de urinoanálises e dispensación de metadona ou outra medicación.

B.3.- VESTUARIO, LENCERÍA E CALZADO

Produtos téxtiles ou doutros materiais e calzado, que son utilizados polo centro como dotación de habitacións, uniformes,...etc.

B.4 OUTROS APROVISIONAMENTOS

B.4.1 Combustibles

Materias enerxéticas como gasoil, gasolina, butano, propano e outros utilizados na cociña, calefacción ou os elementos de transporte e maquinaria.

B.4.2 Material de limpeza e aseo

Materiais empregados na hixiene xeral de locais e persoas.

B.4.3 Material de oficina e diversos

Son os destinados a actividades administrativas, incluíranse dentro desta partida as fotocopias e reprografía, o material de oficina non inventariable, o de selos e outros gastos de comunicación postal, así como o de produtos informáticos consumibles (disquetes, cartuchos impresoras...).

B.5.- SERVICIOS EXTERIORES

B.5.1 Arrendamento

Os devengados polo aluguer de bens mobles e inmobles en uso ou a disposición da entidade.

B.5.2 Reparacións e conservación

Os de sostemento dos bens da entidade.

B.5.3 Servizos de profesionais independentes

Importe que se satisfai ós profesionais polos servizos prestados á entidade. Comprende os honorarios de economistas, avogados, auditores, notarios, etc... así como as comisións de axentes mediadores independentes (Corredores de comercio, de seguros,...).

B.5.4 Transportes

Transportes a cargo da entidade realizados por terceiros.

B.5.5 Primas de seguros

Cantidades satisfeitas en concepto de primas de seguros.

B.5.6 Subministracións

Electricidade, auga, teléfono e calquera outro abastecemento que non tivera a calidade de almacenable.

B.5.7 Traballos realizados por outras empresas

Tanto os propios da actividade asistencial coma os de seguridade, vixilancia ou outros.

B.6.- TRIBUTOS

Importe das taxas, impostos e contribucións especiais pagadas ás Administracións Públicas por calquera concepto.

B.7.- PRENSA, REVISTAS, LIBROS

Incluiranse tanto as subscricións a revistas profesionais periódicas como ás de ocio, e sempre que o seu importe non esté incluído en gastos de formación do persoal.

Incluiranse os gastos e perdas relevantes dos exercicios anteriores, que se incorporarán como gasto comprometido ó actual.

B.9.- GASTOS FINANCEIROS

Segundo se establece no artigo 29.7. da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a axeitada preparación ou execución desta, e sempre que así se prevexa nas bases reguladoras. Con carácter excepcional, os gastos de garantía bancaria poderán ser subvencionados cando así o prevexa a normativa reguladora da subvención.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Os xuros debedores das contas bancarias.
- b) Os xuros, as recargas e as sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.